

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, RELATIVO AO PROXECTO LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007)

(1) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Xunta de Galicia que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos a conservación e a xestión de espazos naturais protexidos.

(2) **Antecedentes:** a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV), a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN), participan como beneficiarios no proxecto transnacional entre España e Irlanda "LIFE INSULAR - Estratexia integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do océano Atlántico" (LIFE20 NAT/ES/001007).

Así mesmo participan, además da USC, que actúa como beneficiario coordinador e esta dirección xeral, o Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN), a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), e desde Irlanda o Department of Housing, Local Government and Heritage e Coillte CGA.

A axuda financeira foi concedida pola Comisión Europea, representada pola Agencia Ejecutiva Europea para el Clima, Infraestructura y Medio Ambiente (CINEA), mediante Acordo de subvención ("*Grant Agreement*") de data 7 de setembro de 2021, en virtude ao Regulamento (CE) 1293/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, relativo ao establecemento dun programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (LIFE).

Dito proxecto ten unha duración de 64 meses, iniciándose o 1 de setembro de 2021 e con data prevista de finalización o 31 de decembro de 2026, según se establece na páxina 63 do documento do acordo de subvención -Grant Agreement-, no seu anexo II "**Project number: LIFE20 NAT/ES/001007 – LIFE INSULAR**".

O obxectivo do proxecto é implementar unha estratexia transnacional para a restauración integrada de hábitats insulares (2130*, 4030) en 8 ZEC Natura 2000 de España e Irlanda ubicadas en 5 islas do Océano Atlántico, co obxecto de promover o seu estado de conservación favorable, así como aumentar a súa resiliencia como principal medida de adaptación aos cambios globais actuais.

O proxecto comprende mandatos dos beneficiarios asociados nos que éstos outorgan poderes ao beneficiario coordinador para actuar no seu nome ante a Comisión e asumen o compromiso de executar as actuacións establecidas e aportar a contribución financeira que figura no Formulario financeiro do mesmo.



En virtude do citado mandato, o beneficiario coordinador actuará como intermediario para calquera comunicación entre os beneficiarios asociados e a Comisión Europea, así mesmo, será o único que percibirá os pagos procedentes da Comisión e deberá transferir o importe correspondente a cada beneficiario asociado.

(3) Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa USC o instrumento convencional arriba referido no marco do proxecto LIFE INSULAR_LIFE20 NAT/ES/001007, tal e como se describe no Acordo de Subvención, no relativo á súa participación técnica e financeira no proxecto.

(4) Vixencia do convenio:

A vixencia do convenio se establece dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos (48 meses) según o que establece o artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Se establece a regulación da prórroga "en calqueira momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un periodo de ata catro (4) anos adicionais ou a súa extinción.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O acordo de subvención nas súas Disposicións xerais ("*General Conditions*") establece que debe existir un acordo de asociación que regule a participación técnica e financeira de cada unha das entidades asociadas ao proxecto.

O acordo de Asociación debe ser enteiramente compatible co Acordo de Subvención e as súas disposicións, incluído o mandato, que implica que os beneficiarios asociados outorgan poderes ao beneficiario coordinador para actuar no seu nome ante a Comisión, os cales terán prioridade sobre calquera outro acordo entre o beneficiario coordinador e os beneficiarios asociados que podan ter un efecto sobre a aplicación do mencionado acordo entre a Comisión e o beneficiario coordinador.

Tendo en conta isto cómpre materializar este acordo de asociación baixo a fórmula de convenio de colaboración (de acordo co artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) entre ambas institucións dando así cumprimento ao establecido no Acordo de Subvención sen que a súa denominación comprometa a efectiva execución do proxecto LIFE20 NAT/ES/001007 e sen que supoña unha alteración do seu obxecto que non é outro que a instrumentalización da participación técnica e financeira de cada unha das entidades asociadas ao proxecto.

(6) Comisión de seguimento. Para este convenio se establece no punto 21 a regulación da comisión de seguimento, execución e interpretación que se ocupará de levar a bo termo as estipulacións do convenio, así como resolver de común acordo calqueira dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

O seu réxime de funcionamento réxirase polo previsto no convenio e supletoriamente polo estipulado na Sección terceira, do Capítulo II, do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Así mesmo no apartado 15.6, se establece que esta Comisión de Seguimento pode acordar o reaxuste da distribución da execución do gasto por anualidades, sen necesidade de tramitar unha addenda, cando existan modificacións do orzamento do proxecto e variacións nas anualidades, senpre que o importe total a achegar pola CMATV se manteña inalterable.

(7) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M^a do Campo Piñeiro

